

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA DE TURISMO DE GALICIA E A FEDERACIÓN ESPAÑOLA DE ASOCIACIONES DE AMIGOS DEL CAMINO DE SANTIAGO PARA A CELEBRACIÓN DO II ENCONTRO MUNDIAL DE ASOCIACIÓNS XACOBEOAS "2EM"

O xerente de Turismo de Galicia

DECLARA:

Que esta Axencia Turismo de Galicia formalizou coa Federación Española de Asociaciones de Amigos del Camino de Santiago o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a data da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2023.

Que o instrumento convencional ten por obxecto o establecemento das condicións para a colaboración entre a Axencia de Turismo de Galicia e Federación Española de Asociaciones de Amigos del Camino de Santiago, para a celebración do II Encontro Mundial de Asociacións Xacobeas, que terá lugar entre os días 19 e 22 de outubro de 2023 en Santiago de Compostela.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se **fundamenta** no seguinte:

Primeiro.- A Axencia Turismo de Galicia ten como obxectivo impulsar, coordinar e xestionar a política autonómica en materia de turismo e, en especial, a promoción e a ordenación do turismo dentro da comunidade e a conservación e promoción dos Camiños de Santiago.

No artigo 9 dos Estatutos da Axencia Turismo de Galicia, aprobados polo Decreto 196/2012, do 27 de setembro, establécense entre as súas funcións ou competencias a dirección das actuacións relacionadas coa posta en valor cultural e turístico do Camiño de Santiago, a súa promoción, a xestión da imaxe corporativa do Xacobeo e da rede de albergues, e o mantemento e conservación dos camiños e a súa sinalización, así como calquera outra acción que redunde en beneficio do Camiño de Santiago.



Segundo.- Os Camiños de Santiago supoñen historicamente un constante fluxo de peregrinos e peregrinas que, no seu itinerario cara a Santiago de Compostela, veñen construíndo unha cultura común europea ao longo de máis de mil anos de historia en común.

A política desenvolvida pola Xunta de Galicia a principios dos anos noventa do pasado século revitalizou os Camiños de Santiago e fixo que nas últimas décadas estes Camiños experimentasen un extraordinario auxe, vivindo un novo tempo de peregrinación, de intercambio de ideas, de culturas e de nacionalidades, que converten aos Camiños de Santiago e a Galicia en elementos referenciais en Europa e en gran parte do mundo.

Non se pode esquecer, ademais da vertente cultural e relixiosa, o efecto económico e xerador de riqueza que supoñen os Camiños de Santiago, especialmente nos anos santos, afectando non só a cidade de Santiago de Compostela senón a todo o territorio galego.

Terceiro.- Que a Federación Española de Asociaciones de Amigos del Camino de Santiago, é unha organización de natureza asociativa e sen ánimo de lucro, que desenvolve as súas actividades no ámbito do Estado español, sendo a finalidade primordial da Federación potenciar e coordinar o labor propio das diversas Asociacións Españolas de "Amigos do Camiño de Santiago", membros da mesma, e doutras entidades ou asociacións cuxos fins reúnan as condicións para desenvolver total ou parcialmente as súas actividades, entre outras, a promoción de calquera tipo de actividades culturais, conferencias, congresos, exposicións, viaxes e peregrinacións, en colaboración coas asociacións.

Santiago de Compostela acollerá o II Encontro Mundial de Asociacións Xacobeas, baixo o lema: "Asociacións. Memoria e futuro", do 19 ao 22 de outubro de 2023 no Monte do Gozo en Santiago de Compostela coas miras postas no próximo Ano Santo 2027.

A Cidade compostelá foi, entre o 4 e o 6 de xuño de 2015, epicentro do I Encontro Mundial en Galicia de Asociacións de Amigos do Camiño de Santiago. O evento cumpriu co seu obxectivo de homenaxear ás asociacións de amigos do Camiño de Santiago de todo o mundo, cuxos integrantes son os grandes divulgadores e embaixadores do Camiño. Así, propiciouse a reunión para dar a coñecer o seu traballo e dedicación ao 3 longo de tantos anos. Traballo sen o cal non sería posible o que coñecemos como



‘fenómeno Xacobeo’. Foi, pois, unha acción que deu continuidade ao compromiso da Xunta de Galicia de revalorización, recuperación e promoción do Camiño de Santiago, que topa na Cidade compostelá a meta de milleiros de peregrinos.

Cuarto.- A celebración en Santiago de Compostela do II Encontro Mundial de Asociacións Xacobeas, baixo o lema: “Asociacións. Memoria e futuro”, ten como obxectivos xerais o encontro das asociacións xacobeas do mundo e o debate, a varios niveis, da cuestión xacobeas e dos temas nos que traballan as asociacións de Amigos do Camiño. En síntese, a investigación e coidado das rutas compostelás e do seu legado histórico e cultural, así como a promoción da peregrinación tradicional e da hospitalidade.

O II Encontro Mundial desenvolverá nas súas sesións obxectivos máis específicos, cuns contidos baseados no traballo dos asociados en amplas áreas xeográficas (Europa, Asia e Oceanía, América), cun apartado especial a España e outro ao exercicio da hospitalidade xacobeas, coa celebración de seis táboas redondas, catro conferencias sobre cultura, asociacionismo e patrimonio e quince presentacións sobre mellores prácticas en todo o mundo.

Entre os obxectivos a acadar coa celebración do Congreso destácase a promoción do patrimonio material, inmaterial e natural do Camiño; a preservación dos Camiños de Santiago en Europa como Itinerario Cultural, defendendo o seu carácter aberto, inclusivo e sostible, así como a consolidación do movemento asociativo europeo así como o emerxente en América e Asia.

A realización deste II Encontro Mundial está recollida no Plan Director dos Camiños de Santiago da Comunidade Autónoma de Galicia, 2022-2027, na súa Liña de actuación (L.A) 17, denominada “Impulso das relacións internacionais”. En concreto na acción (A) n.º 70, denominada “Celebración do II e III Foros Mundiais de Asociacións Xacobeas (2023 e 2027).

Que a través deste convenio, outórgase á Federación Española de Asociaciones de Amigos del Camino de Santiago unha subvención directa en virtude do disposto no artigo 19.4 c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, polas razóns de interese público, social, económico e humanitario expostas nos puntos anteriores que



dificulta a súa convocatoria pública, de conformidade co previsto no artigo 26.2.a) da Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela

O xerente de Turismo de Galicia

Antonio Casas Calviño

